



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 10 DE XULLO DE 2026**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

ISMAEL DURÁN BEREJO

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a Concelleira:

LUCÍA PICOS ANEIROS

SECRETARIO:

NEDAL PABLO SHEHADEH REY

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 10 de xullo de 2026, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario da Corporación, don Nedal Pablo Shehadeh Rey, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 12.06.2026

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 12.06.2026, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA PINTADO DE FACHADA SITUADA NA
NA PARCELA CATASTRAL A NOME DE
EXPEDIENTE 2025/U022/000013**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.07.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 10.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



Expediente: 2025/U022/000013
Asunto: Licenza de edificación para pintado de fachada situada na parcela catastral a nome de
Interesado/a:
Situación:
Referencia catastral:
Procedemento: Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

A contida no expediente

Informes municipais

Documento	Data
Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal	17.06.2026
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración	22.06.2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección	Doc.	Consta	Observacións
Patrimonio cultural	Actuación nun inmovible/ámbito catalogado do PXOM	PXOM / Catálogo	Autorización municipal	Autorización municipal no procedemento de licenza, art. 39.1 Lei 5/2016 e art. 142.2.b Lei 2/2016.
Patrimonio cultural /arqueoloxía	Contorna de protección da Muralla - Cerca de Cedeira, ben arqueolóxico (GA15022032),	PBA	Non procede no alcance informado	Non se prevén remocións de terras nin afección ao subsolo. Se fosen necesarias, requirirase autorización/control que proceda.
Outras afeccións sectoriais	Non constan outras afeccións sectoriais que impidan a emisión do informe técnico favorable condicionado.	-	-	-

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial de casco antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano



Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA
Finalidade da actuación	Conservación e mantemento. Pintado de fachada
Uso ó que se destinará	Uso existente, sen cambio de uso
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	Intervención en inmovible catalogado ou no seu contorno, art. 142.2.b LSG
Prazos de inicio das obras	6 meses
Prazos de terminación das obras	3 anos
Redactor/a	Non consta / documentación achegada pola persoa promotora
Dirección da obra	Non consta / non procede segundo alcance documental
Dirección de execución da obra	Non consta / non procede segundo alcance documental
Coordinación de seguridade e saúde	Non consta / non procede segundo alcance documental
Orzamento de execución material	1.461,50 €

Condicións particulares:

A licenza autoriza exclusivamente o pintado da fachada descrito na documentación presentada.

Cores e acabados

Como regra xeral a cor deberá ser branca ou tradicional compatible coa contorna.

O pintado da fachada solicítase en cor crema. A cor empregada deberá de ser compatible coa integración ambiental no casco antigo, concretada nunha das seguintes referencias da carta: NCS 1005-Y20R ou NCS 0502-Y50R segundo o indicado na indicado na “Guía de cores e materiais de Galicia” na zona xeográfica.

Non se autoriza o emprego doutras cores sen previa conformidade municipal.

O acabado deberá ser mate ou pouco brillante, uniforme e compatible co soporte existente, sen alteración de ocos, carpintarías, elementos ornamentais nin composición xeral da fachada.

Non se autoriza o emprego doutras cores sen previa conformidade municipal.

O acabado deberá ser mate ou pouco brillante, uniforme e compatible co soporte existente.

Non se autorizan modificacións de ocos, carpintarías, galerías, balcóns, cuberta, estrutura, volume, elementos ornamentais catalogados nin subsolo.

Non se autorizan escavacións, gabias, movementos de terras nin afección ao subsolo sen a autorización ou control arqueolóxico que proceda.

No caso de aparición de elementos de interese cultural, construtivo ou arqueolóxico, deberán paralizarse os traballos afectados e comunicalo ao Concello.

As obras deberán axustarse á documentación presentada e á normativa aplicable.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2.- Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

3.- Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

4.- Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE EDIFICACIÓN PARA OBRAS INTERIORES EN EDIFICACIÓN SITA EN A NOME DE EXPEDIENTE 2025/U022/000014

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.07.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 10.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente:	2025/U022/000014
Asunto:	Licenza de edificación para obras interiores en edificación sita en rúa a nome de
Interesado/a:	
Situación:	
Referencia catastral:	
Procedemento:	Licenza de edificación

Vista a documentación que consta no expediente, en particular:

Documentación achegada

Título do documento	Solicitud, documentación descriptiva das obras, orzamento detallado e xustificante de taxa
Data documento	27.08.2025 e documentación incorporada ao expediente
Redactor/a	Documentación achegada pola persoa promotora
Data incorporación expediente	Rexistros 202599900001763 e 202599900001768



Informes municipais

Documento

Informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal
Informe xurídico emitido pola Técnico de Administración

Data

16.06.2026
19.06.2026

Afeccións sectoriais

Organismo	Afección	Doc.	Consta	Observacións
Patrimonio cultural	Actuación nun ben catalogado no Catálogo do PXOM.	PXOM / Catálogo	Autorización municipal	Autorización municipal no procedemento de licenza: art. 39.1 Lei 5/2016 e art. 142.2.b Lei 2/2016.
Patrimonio cultural /arqueoloxía	Edificación existente catalogada, con protección ambiental / grao 7. Contorna de protección da Muralla - Cerca de Cedeira, ben arqueolóxico (GA15022032).	PXOM / Catálogo	Non procede	Non se prevén remocións de terras nin afección ao subsolo. Condiciónase a non realizar movementos de terras, gabias ou escavacións sen a autorización ou control que proceda.
Outras afeccións sectoriais	Non constan outras afeccións sectoriais que impidan a emisión do informe.	-	-	-

CONSIDERACIÓNS URBANÍSTICAS

Clasificación urbanística PX	Solo urbano
Cualificación urbanística PX	Solo urbano residencial de casco antigo
Clasificación do solo LSG	Solo urbano
Cualificación / Categoría LSG	Solo urbano consolidado
Ordenanza aplicable	Ordenanza URNA
Finalidade da actuación	Conservación, reparación e adecuación interior de vivenda existente
Uso ó que se destinará	Residencial vivenda. Uso existente, sen cambio de uso
Tipo de obras	Obras suxeitas ao réxime de licenza municipal
Categoría das obras	Intervención en inmovible catalogado polas súas características ou



Prazos de inicio das obras	valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos (art. 142.2.b LSG)
Prazos de terminación das obras	6 meses
Redactor/a	3 anos
Dirección da obra	Non consta. Documentación descritiva achegada pola persoa promotora.
Dirección de execución da obra	Non consta
Coordinación de seguridade e saúde	Non consta
Orzamento de execución material	42.500,00 €

Condicións particulares:

- A licenza autoriza exclusivamente as obras descritas na documentación presentada e co alcance expresamente informado.
- Non se autorizan actuacións en fachada, ocos, carpintarías exteriores, galerías, balcóns, cuberta, estrutura, volume, elementos ornamentais catalogados nin subsolo, salvo que consten expresamente definidas e autorizadas no presente informe.
- Non se autoriza pintado exterior no presente informe. Calquera actuación futura de pintura de fachada deberá identificar a cor mediante código NCS ou sistema equivalente e resultar compatible coa ordenanza URNA e coa integración no casco antigo.
- Non se autoriza substitución de carpintarías exteriores no presente informe. Calquera actuación futura deberá definir material, cor, sistema, sección vista, posición no cerramento, número de follas, sistema de apertura, particións e sistema de escurecemento, achegando o correspondente plano de carpintarías.
- Non se autorizan escavacións, gabias, movementos de terras nin afección ao subsolo sen a autorización ou control arqueolóxico que proceda.
- No caso de aparición de elementos de interese cultural, construtivo ou arqueolóxico, deberán paralizarse os traballos afectados e comunicalo ao Concello.
- As instalacións deberán executarse sen elementos visibles ao exterior, agás autorización expresa, e sen alteración da composición da fachada nin dos elementos protexidos.
- As obras deberán axustarse á documentación presentada, ao orzamento declarado e á normativa técnica aplicable, sen prexuízo das responsabilidades da persoa promotora e dos técnicos intervinientes.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións particulares, no seu caso, e as xerais en todo caso.

2.- Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a



contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

3.- Incluír na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.

4.- Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN PARA A SEPARACIÓN DA PARTE CLASIFICADA COMO SOLO DE NÚCLEO RURAL DA PARTE CLASIFICADA COMO SOLO RÚSTICO DA PARCELA SITUADA EN A NOME DE GALILEO SIGLO XXI, S.L. EXPEDIENTE 2026/U018/000001

Polo Secretario dáse lectura á proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.07.2026, sendo informados os membros da Xunta de Goberno Local da existencia dun erro de transcripción no punto 1 do acordo, polo que se substitúe o artigo 150.6.c en lugar de 150.6.b. A dita proposta foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 10.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Expediente: 2026/U018/000001

Asunto: Declaración de innecesariedade de licenza de segregación para a separación da parte clasificada como solo de núcleo rural da parte clasificada como solo rústico da parcela situada en a nome de Galileo Siglo XXI, S.L.

Interesado/a: Galileo Siglo XXI, S.L.

Situación:

Referencia catastral:

Procedemento: Licenza de segregación e parcelación. Declaración de innecesariedade

Visto a solicitude de data 27.01.2026 (rex. entrada 202699900000167) presentado por para a declaración da innecesariedade de licenza de segregación de parcelas.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico do arquitecto técnico municipal en data 18.06.2026.
- Visto o informe xurídico da técnico de administración xeral de data 30.06.2026.

Polo exposto, e vista a restante documentación que consta no expediente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



1. Declarar a innecesiedade da licenza municipal de parcelación urbanística da finca con referencias catastrais
ao axustarse ao disposto na normativa urbanística que resulta de aplicación (art. 150.6.c da Lei 2/2016 do solo de Galicia), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.
2. Incorporar como anexo do acordo que se adopte copia certificada do plano parcelario correspondentes e das fichas descritivas dos lotes resultantes.
3. Dilixenciar o proxecto obxecto deste expediente.
4. Notificar o presente acordo á persoa interesada.

Plano parcelario

Fichas descritivas dos lotes resultantes



VI.- FINCAS PRETENDIDAS:

Que las fincas pretendidas son:

1.- Finca de 1.189 m² brutos de Suelo de Núcleo Rural, que linda: Norte y Oeste, resto de finca matriz; Sur, pista asfaltada; y Este, camino.

2

“

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XUÑO DO 2026.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XUÑO DO 2026.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:



1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xuño 2026 que empeza por cun importe de 82,42 € e finaliza con cun importe de 144,90 € e se compón de 46 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4886,01 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrência**, correspondente ó mes de xuño 2026 que empeza por cun importe de 39,60 € e finaliza con cun importe de 28,80 € e se compón de 5 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 323,39 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE 2025, LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN. EXP: 2026/X999/000222

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 29.06.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE 2025, LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN. EXP: 2026/X999/000222.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo: R/

Ref. catastral:

Nº fixo recibo: 253000645665

Exercicio: 2025

Primeiro. Preséntase solicitude por en data 15.06.2026 e nº de rexistro de entrada 202600000002013, de anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2025 e devolución.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.



Os datos de titularidade do ben inmoble para o exercicio 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación do recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000645665	20253515022RL01R002899					2025

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguintes recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO
253000645665	20253515022RL01R002899					2025

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Dar traslado deste acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS POR CESE DE ACTIVIDADE DO 2024 E DEVOLUCIÓN PARCIAL. EXP: 2026/X999/000223

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 26.06.2026, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DO RECIBO DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS POR CESE DE ACTIVIDADE DO 2024 E DEVOLUCIÓN PARCIAL. EXP: 2026/X999/000223.

ANTECEDENTES

Datos do ben inmovible:

Enderezo:

Referencia catastral:

Nº Fixo: 253000645200

Exercicio: 2024

Primeiro. _____ presenta en data 15.06.2026 (rex. entrada nº 202699900001315) solicitude de anulación do recibo da taxa pola recollida de residuos por cese de actividade do exercicio 2024. Incorporárase de oficio a seguinte documentación:

- Escritura notarial de dación en pago de outubro de 2023.
- Contrato de arrendamento do local, con fin o 05/04/2024.

Segundo. Compróbase polo Servizo de Recadación do Concello que procede a anulación do recibo do exercicio de 2024, por cese da actividade.

Terceiro. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

Cuarto. Consta informe da policía local de data 28/11/2025 que conclúe:

“Examinada la solicitud presentada, realizadas gestiones oportunas y recabada la información necesaria: Se comprueba que en el bajo comercial Avda. da Area 4, se ha dejado de ejercer todo tipo de actividad por parte del solicitante, y por lo tanto se emite informe FAVORABLE para la solicitud de cese de actividad.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa



A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se rateará por trimestres naturais. Non producira o rateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida o a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais.

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación.

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce na actualidade, polo que procede a anulación do recibo indicado e a liquidación da cantidade correspondente ó primeiro trimestre de 2024.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:



PRIMEIRO. ANULAR o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO
253000645200	20243515022RL01R002163				2024

TERCEIRO. APROBAR a liquidación da taxa de recollida de lixo dos dous primeiros trimestres de 2024.

CUARTO. COMUNICAR o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

QUINTO. NOTIFICAR o presente acordo ó/á interesado/a.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/31. EXPEDIENTE: 2026/G006/000175

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.07.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000175

Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/31

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2026/31 que suma un importe total de 155.505,68 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1498	752026199000200004496	03/06/2026	A28141935	MAPFRE	RESPONSABILIDAD CIVIL	SE	920	22401	16.944,45 €
F/2026/1710	V-FACTUR26 2026/1540	31/05/2026	A15379803	SOGAMA	Tratamento RU Maio	SE	1623	22799	21.294,27 €
F/2026/1732	EXP20266021375	03/06/2026	P15000021	MANCOMUNIDADE CONCELLOS FERROL	CUOTA MANCOMUNIDAD 2026	SE	943	46300	48.310,81 €
F/2026/1835	26 252	30/06/2026	B82485855	HALLKUSS	SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE JUNIO	SE	1621	22700	68.956,15 €
								TOTAL	155.505,68 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 07.07.2026 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2026/31 no tocante á seguinte factura:



Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2026/1498	752026199000200004496	03/06/2026	A28141935	MAPFRE	RESPONSABILIDAD CIVIL	SE	920	22401	16.944,45 €

Visto o Decreto de Alcaldía número 411/2026 de data 07.07.2026 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2026, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2026/31 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2026 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 155.505,68 euros.



SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 155.505,68 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/G006/000176

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.07.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000176

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2026.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543 que foi asinado o 11 de outubro de 2023.

Visto que con data 30 de xuño de 2026 a antedita asociación presenta a documentación xustificativa do importe total da subvención.

Visto o informe favorable de Intervención de data 07 de xullo de 2026 relativo á xustificación da subvención.

Vista a Resolución da Alcaldía número 345/2023 de 10 de xullo do mesmo ano (BOP número 135 de data 17 de xullo de 2023) na que se realizou a delegación na Xunta de Goberno Local da seguinte atribución: “9) A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada do 25% do importe restante da anualidade do ano 2026 da subvención, 8.625,00€, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.



QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA AGRUPACIÓN VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE: 2026/G006/000177

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 07.07.2026, que literalmente di:

“**Expediente:** 2026/G006/000177

Procedemento: Concesión subvención nominativa

Asunto: Aprobación anticipo subvención nominativa Agrupación Voluntarios Protección Civil de Cedeira para o ano 2026.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xuño de 2026 concedeuse unha subvención nominativa á Agrupación Voluntarios Protección Civil de Cedeira por importe máximo de 14.500,00 € na aplicación orzamentaria 135.489.00 e 6.000,00 € na aplicación orzamentaria 135.789.00 para o ano 2026.

Tendo en conta que o 16 de xullo de 2026 asinou o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Agrupación Voluntarios Protección Civil de Cedeira con NIF G15760143.

Visto o informe favorable de Intervención de data 07 de xullo de 2026 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Visto que o recoñecemento de obrigas e a ordenación de pagamento, son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que o Alcalde facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL delegou a competencia na Xunta de Goberno Local, mediante Decreto nº 345/2023 de data 10 de xullo de 2023, apartado terceiro B) 9): “A aprobación da convocatoria, a concesión e xustificación de subvencións outorgadas polo concello, e a aprobación de convenios de colaboración”.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 14.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 e 6.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 135.789.00 do orzamento do ano 2026 a favor da beneficiaria, a Agrupación Voluntarios Protección Civil de Cedeira, con NIF G15760143.

SEGUNDO. Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.



TERCEIRO. Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O ANO 2026

Expte. 2026/A006/000008

Con data 12 de xuño de 2026 foi asinado o Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira para os espectáculos da Rede Cultural 2026, e de conformidade coa resolución de Presidencia da Deputación Provincial da Coruña núm. 14933 de 13 de abril de 2026, publicada no BOP núm. 71 de 17 de abril de 2026, os espectáculos adxudicados son os seguintes:

ESCENA AO VIVO – MÚSICA PROFESIONAL						
ESPECTACULO	ENTIDADE/EMPRESA	CACHE	EQUIPO	% DIPUTAC	% CONCELLO	TOTAL
VIMBIO:Comeza o xogo	PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U.	1.815,00	0,00	1.089,00	726,00	1.815,00
Maneiro: un Bonito Despertar	NALGURES PRODUCCIONES, S.L.	6.655,00	0,00	3.993,00	2.662,00	6.655,00
ALANA: Un saber (Lina e Lola)	URDIME S. COOP. GALEGA	6.655,00	0,00	3.993,00	2.662,00	6.655,00
A Banda do Verán: a casa do terror	JUAN ALFONSO CURIEL ARES	2.990,00	500,00	2.094,00	1.396,00	3.490,00
TOTALS :				11.169,00	7.446,00	18.615,00

ESCENA AO VIVO – DANZA PROFESIONAL						
ESPECTACULO	ENTIDADE/EMPRESA	CACHE	EQUIPO	% DIPUTAC	% CONCELLO	TOTAL
Raquel Ferradás e María de Vicente: Diz-me, meu amor	LILIAN PORTELA FONTÁN	1.430,00	0,00	858,00	572,00	1.430,00
Exiré: nexos	ARTESTUDIO XESTION CULTURAL, S.L.	1.331,00	0,00	798,60	532,40	1.331,00
TOTALS :				1.656,60	1.104,40	2.761,00

ESCENA AO VIVO – TEATRO PROFESIONAL



ESPECTACULO	ENTIDADE/EMPRESA	CACHE	EQUIPO	% DIPUTAC	% CONCELLO	TOTAL
María da Pontragha: Coa palabra na boca	CHARLATANA S.COOP.GALEGA	550,00	0,00	330,00	220,00	550,00
Vero Rilo: tralalareira	CULTURACTIVA S.COOP.GALEGA	968,00	0,00	580,80	387,20	968,00
Lucía Aldao e Samuel Merino: os nomes íntimos	URDIME S.COOP.GALEGA	910,00	0,00	546,00	364,00	910,00
Ítaca Teatro: anacos	PRODUCCIÓNS ARTÍSTICA ITACA, S.L.	484,00	0,00	290,40	193,60	484,00
Peter Punk Pallaso: a chungatrona	CHARLATANA S.COOP.GALEGA	1.200,00	0,00	720,00	480,00	1.200,00
Variedades pistacatro contratempo”	“aPISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.	3.500,00	1.000,00	2.700,00	1.800,00	4.500,00
		TOTAIS :		5.167,20	3.444,80	8.612,00

TOTAL PROGRAMA REDE CULTURAL 2026 :	17.992,80	11.995,20	29.988,00
--	------------------	------------------	------------------

Consta no expediente documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 06.07.2026 polo importe de 29.988,00€ correspondente á suma das aportacións autonómica e municipal.

Por isto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cedeira para os espectáculos da Rede Cultural 2026.
- 2.- Autorizar o gasto correspondente con cargo á aplicación orzamentaria de gastos 334.22799 do vixente orzamento.
- 3.- Contratar a programación contida na táboa anterior polos importes indicados.
- 4.- Dar traslado do presente acordo aos Servizos municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DE CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS NOS LUGARES DE O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS. EXPTE. 2019/C003/000004

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.07.2026, que literalmente di:

“Expediente: 2019/C003/000004

Asunto: DEVOLUCIÓN AVAL OBRA “CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS”

PROPOSTA DA ALCALDÍA



Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 04.12.2020 foi adxudicado o contrato de obras denominado "CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS" á empresa HORDESCON, S.L. polo importe de 77.438,52 € (IVE incluído).

Con data 30.12.2020 a empresa HORDESCON S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a copia electrónica da garantía definitiva para o contrato de "CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS" mediante o aval núm. 020000017938 de data 25.11.2020 da entidade SOGARPO polo importe de 3.199,94 €.

Consta acta de recepción da obra de "CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS", de data 25.05.2021.

Con data 26.05.2026 (rex. entrada núm. 2026/999/1116) a empresa HORDESCON S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante o aval núm. 020000017938 de data 25.11.2020 da entidade SOGARPO polo importe de 3.199,94 €.

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 26.05.2026, favorable á devolución da citada garantía.

Visto o informe da Tesourería Municipal de data 08.07.2026 que indica que obra na Tesourería aval núm. 020000017938 de data 25 de novembro de 2020 de SOGARPO, S.G.R. NIF V36622082, por importe de TRES MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS E CATRO CÉNTIMOS (3.199,94€), depositado por HORDESCON, S.L., con NIF B32108334, en concepto de garantía DEFINITIVA para responder da correcta execución da obra "CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS".

Visto o informe favorable da Interventora Municipal de data 08.07.2026.

Visto o artigo 111 da lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que indica: "1. A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.

2. Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou seguro de caución. O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá aboar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á Administración".

Considerando que, de conformidade co previsto na Disposición adicional segunda da LCSP 2017, é o Alcalde o órgano de contratación competente. Dita competencia foi obxecto de delegación polo Alcalde na Xunta de Goberno Local por Resolución da Alcaldía número 345/2023 de 10 de xullo do 2023 (BOP número 135 de data 17 de xullo de 2023).

En base ao anterior esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Acordar a devolución, a favor de HORDESCON, S.L., con NIF B32108334 a garantía definitiva por importe de TRES MIL CENTO NOVENTA E NOVE EUROS E NOVENTA E CATRO



CÉNTIMOS (3.199,94€), como consecuencia da adxudicación do contrato administrativo de “CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS EN O BECO, A PAINCEIRA, SANTALLAMAR E OUTROS”, en cumprimento do establecido no artigo 111 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, e o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a licitación de referencia, unha vez finalizada obra e visto o informe da Dirección de obra.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Intervención e á Tesourería municipais para que procedan á devolución da garantía definitiva prestada

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á entidade mercantil HORDESCON, S.L., con NIF B32108334 para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. PRÓRROGA DA CONCESIÓN DEMANIAL DA “EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO CAMIÑO REAL DA MAGDALENA”. EXPTE. 2024/C006/000002

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 09.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PRÓRROGA DA CONCESIÓN DEMANIAL DA “EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA E ANEXOS DA ÁREA RECREATIVA DO CAMIÑO REAL DA MAGDALENA”

Expte. 2024/C006/000002

O contrato administrativo especial de explotación da cafetería e anexos da área recreativa do Camiño Real da Magdalena formalizouse con data 29.07.2024, sendo o adxudicatario D. Adrián Fernández Costa, con DNI núm.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.04.2026 foi autorizada a cesión do contrato de concesión demanial denominado “Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do Camiño Real da Magdalena de Cedeira” a favor de CEDEIRA SONORA S.L., con CIF B25876418, cuxo administrador único é D. Adrián Fernández Costa.

O Prego de cláusulas que rexe esta concesión demanial dispón, na súa cláusula sexta, que: “*O prazo de duración da explotación da cafetería e anexos do Paseo Marítimo de Cedeira é de dous anos contados a partir da formalización do presente contrato; prorrogable anualmente por mutuo acordo das partes ata un máximo de tres anos adicionais. A prórroga solicitarase polo concesionario con tres meses de antelación á finalización do contrato ou da súa prórroga.*”

Con data 17.06.2026 (R.E. 2026/999/1348) o concesionario solicita a primeira prórroga anual do prazo de duración da concesión demanial denominada “Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do Camiño Real da Magdalena de Cedeira”.

Con data 07.07.2026 foi emitido informe xurídico coa seguinte conclusión:
“(…)



Por todo o exposto, atopándose previsto de xeito expreso no título concesional a posibilidade de prórroga e téndose solicitada a mesma por parte do concesionario antes da finalización da concesión, tendo en conta a argumentación xurídica que antecede, infórmase favorablemente a solicitude de primeira prórroga anual presentada por D. Adrián Fernández Costa, en representación de Cedeira Sonora S.L, debendo adoptarse o acordo de concesión da prórroga e a súa formalización documental antes do vencemento do título concesional.

A maior abundamento, debería lembrárselle ao concesionario a obriga de actuar en todo momento coa debida dilixencia no cumprimento de todas as cláusulas establecidas no PCAP que rexe a concesión demanial da explotación da cafetería e anexos da area recreativa do Paseo Marítimo de Cedeira.

(...)

Por isto, **proponho** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a primeira prórroga da concesión demanial da “Explotación da cafetería e anexos da área recreativa do Camiño Real da Magdalena de Cedeira” formalizada con Cedeira Sonora, S.L., con CIF B25876418 ata o día 29.07.2027.

2.- Notificar o presente acordo ao concesionario.

3.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Tesourería e Intervención; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

14. CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE TÉCNICO DEPORTIVO TITULADO DURANTE SEIS MESES. EXPTE.: 2026/C002/000020

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE TÉCNICO DEPORTIVO TITULADO DURANTE SEIS MESES

Expte.: 2026/C002/000020

No BOP núm. 37 de 25/02/2026 publicouse a Resolución 2026/6979 de Presidencia da Excm. Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO106/2026:PROGRAMA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR GASTOS DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE DEPORTE EN 2026.

Ao abeiro desta resolución correspóndelle ao Concello de Cedeira unha axuda co seguinte detalle:

Beneficiario: CONCELLO DE CEDEIRA

NIF: P1502200G

Cod. Exp.: 2025000048119

Obxecto: CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO/A DEPORTIVO EN 2026



Importe subvencionado: 5.000,00 €

Importe a xustificar: 6.250,00 €

O concello está interesado na contratación de persoal técnico deportivo mediante contratación externa, durante seis meses (de xullo a decembro, ambos os dous incluídos) coa finalidade de coordinar as diferentes actividades deportivas que se imparten no polideportivo municipal; debido á inexistencia deste cargo na plantilla municipal.

As características requiridas para o servizo de técnico deportivo son as seguintes:

Funcións a realizar con carácter xeral:

- * Coordinar as actividades deportivas.
- * Elaborar proxectos de animación sociodeportiva incorporando as últimas tendencias deste campo profesional e, no seu caso, as propostas de mellora extraídas do seguimento doutros proxectos anteriores, aproveitando as convocatorias institucionais.
- * Desenvolver e rexistrar o plan de avaliación dos proxectos de animación sociodeportiva, concretando os instrumentos e a secuencia de aplicación.
- * Garantir a dispoñibilidade e supervisar a posta a punto de instalacións e medios, asegurando a súa idoneidade, e se é o caso, os valores correctos dos parámetros de uso.
- * Organizar, desenvolver e dirixir, ao seu nivel, as competicións, concursos e eventos lúdico-deportivos.
- * Programar actividades físico-deportivas adecuadas as características e necesidades dun grupo de usuarios a partir dunha programación xeral.
- * Xestionar a posta en marcha do proxecto de animación sociodeportiva, organizando os recursos e as accións necesarias para a promoción, desenvolvemento e supervisión do mesmo.

Titulación:

- * Título oficial de Técnico superior en ensinanza e animación sociodeportiva ou Técnico superior en acondicionamento físico, ou equivalente.
- * Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.

Xornada laboral:

-xornada completa do 01/07/2026 ao 30/12/2026

Forma de pago:

A facturación deberá tramitarse a través do programa FACe. Código DIR3 L01150222 - Ayuntamiento de Cedeira mesmo para órgano xestor, unidade tramitadora e oficina contable; e **deberá constar expresamente o número de expediente (2026/C002/000020) e o asunto obxecto desta contratación: contratación de técnico deportivo titulado durante 6 meses (subvención da Deputación Provincial).**

Requisito complementario:

- * O persoal designado deberá presentar unha certificación negativa do Rexistro Central de delitos de natureza sexual.

Para este fin recibíronse os seguintes presupostos:

1. LETME SOLUCIONES, S.L., con CIF B27437623. Presenta con data 28.05.2026 (R. E. 2026/999/1131) o orzamento núm. P-26102 relativo a servizos de técnico deportivo titulado, a xornada completa durante 6 meses, polo importe de 14.996,00 € e 3.149,16 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.145,16 €).
2. AMARTYA SERVICIOS S.L., con CIF B70262464. Presenta con data 25.06.2026 (R.E. 2026/999/1472) o orzamento núm. 15-2026 relativo a servizos de técnico deportivo titulado, a xornada completa durante 6 meses, polo importe de 15.000,00 € e 3.150,00 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.150,00 €).



3. DIEGO VILLALBA FIALLEGA, con NIF Presenta con data 26.06.2026 (R. E. 2026/999/1483) o orzamento núm. A-45 relativo a servizos de técnico deportivo titulado, a xornada completa durante 6 meses, polo importe de 16.500,00 € e 3.465,00 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 19.965,00 €).

Con data 01.07.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 18.145,16 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 06.07.2026 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, **propono á Xunta de Goberno Local** a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a LETME SOLUCIONES, S.L., con CIF B27437623, o servizo de técnico deportivo titulado durante 6 meses, de acordo co orzamento núm. P-26102 presentado con data 28.05.2026 e coas características requiridas indicadas no presente acordo; por un importe de 14.996,00 € e 3.149,16 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.145,16 €).
- 3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e ao resto de participantes.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

15. CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE LIMPEZA DE PRAIAS. EXPTE.: 2026/C002/000026

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 08.07.2026, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE LIMPEZA DE PRAIAS

Expte.: 2026/C002/000026

No BOP núm. 31 de 16/02/2026 publicouse a Resolución 2026/4768 do Sr. Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión **provisional** de subvencións correspondentes ao programa MA100: subvencións a concellos da provincia para limpeza de praias marítimas no 2026.

A concesión definitiva foi publicada no BOP núm. 57 de data 26.03.2026.

Ao abeiro desta resolución correspóndelle ao Concello de Cedeira unha axuda co seguinte detalle:

- Beneficiario: CONCELLO DE CEDEIRA
- NIF: P1502200G
- Cod. Exp.: 2025000047189



- Obxecto: LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA 2026
- Importe subvencionado: 11.320,60 €
- Importe a xustificar: 11.320,60 €

Constan os seguintes presupostos presentados para o servizo de limpeza de praias do Concello de Cedeira no ano 2026:

- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L., con CIF B27154731, presenta con data 16.06.2026 (RE 202699900001335) o presuposto núm. 01/26 playas, correspondente ao servizo de limpeza das praias de Cedeira para un grupo de 4 operarios ao 50% da xornada e durante tres meses, polo importe de 15.225,00 € sen IVE.
- HALLKUSS CORPORATION, S.L., con CIF B82485855 presenta con data 16.06.2026 (RE 202699900001331) o presuposto núm. 01/26 rev.1 correspondente ao servizo de limpeza das praias de Cedeira para un grupo de 4 operarios ao 50% da xornada e durante tres meses, polo importe de 14.998,85 € e 1.499,89 € en concepto de IVE ao 10% (total 16.498,74 € incluído o IVE).
- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U., con CIF A28541639, presenta con data 19.06.2026 (RE 202699900001396) un presuposto correspondente ao servizo de limpeza das praias de Cedeira para un grupo de 4 operarios ao 50% da xornada e durante tres meses, polo importe de 16.555,20 € sen IVE.

Con data 01.07.2026 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 16.498,74 € (IVE incluído).

Con data 06.07.2026 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.
- 2.- Aprobar o gasto e adjudicar mediante un contrato menor a HALLKUSS CORPORATION, S.L., con CIF B82485855, o servizo de limpeza de praias do Concello de Cedeira, de acordo co orzamento núm. 01/26 polo importe de 14.998,85 € e 1.499,89 € en concepto de IVE ao 10% (total 16.498,74 € incluído o IVE).
- 3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

16. DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO TRIBUNAL DE INSTANCIA, SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, PRAZA Nº 1 DE FERROL DE DATA 22.04.2026, NO P.A. 187/2025 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS (EXPEDIENTE 2025/P002/000012)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 01.07.2026, que literalmente di:



“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO TRIBUNAL DE INSTANCIA, SECCIÓN DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, PRAZA Nº 1 DE FERROL DE DATA 22.04.2026, NO P.A. 187/2025 DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA E OUTROS (EXPEDIENTE 2025/P002/000012)

Visto que con data 30.04.2026 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Tribunal de Instancia, sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 1 de Ferrol de data 22.04.2026 (rex de entrada nº 202600000001295, de data 27.04.2026), en relación co procedemento abreviado P.A. 187/2025 de contra o concello de Cedeira e outros.

Vista a dilixencia de ordenación do Tribunal de Instancia, sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 1 de Ferrol de data 22.06.2026 (rex de entrada nº 202690000000903, de data 23.06.2026) pola que se acorda declarar firme a sentenza ditada.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

17. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:08 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

O SECRETARIO
NEDAL PABLO SHEHADEH REY